

Logo de rematar as probas de selección de director, a Banda de Música Xuvenil de Barro anuncia que o seu novo director será D. Alberto Xesús Busto Castaño. Esta elección prodúcese logo da renuncia ao cargo de D. Alejandro Cimadevila por motivos persoais.

Logo da súa participación nas probas de selección xunto con outros tres candidatos os membros da banda Xuvenil de Barro decidiron confirmalo como novo director da agrupación.

Dende a Banda de Música Xuvenil de Barro agradecemoslle de corazón a Alejandro Cimadevila o seu traballo durante estes anos, los que se levou a Banda a acadar un nivel musical altísimo, e nos que desfrutamos moito coa súa presenza entre nos, así como desexarlle o mellor na súa nova etapa.